



Teaching Guide

Identifying Data					2021/22
Subject (*)	Human, Economic and Administrative Resources Management		Code	652536014	
Study programme	Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	2nd four-month period	First	Obligatory	3	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinador	Espiñeira Bellon, Eva Maria	E-mail	eva.espineira@udc.es		
Lecturers	Espiñeira Bellon, Eva Maria	E-mail	eva.espineira@udc.es		
Web					
General description	<p>Como consecuencia do reforzo da autonomía dos centros, faise preciso potenciar a capacidade de xestión da dirección, para permitirle liderar os cambios propostos. A Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, outórgalle aos directores e directoras dos centros docentes públicos, como representantes que son da Administración educativa no centro e como responsables do proxecto educativo, a oportunidade de exercer un maior liderado pedagóxico e de xestión.</p> <p>Por outro lado, poténciase a función directiva a través dun sistema de certificación previo de competencias para acceder ao posto. O obxectivo da formación previa requirida é dotar ao futuro director ou directora das capacidades necesarias para desempeñar o seu posto con eficiencia e eficacia.</p> <p>Non obstante, o director ou directora non traballa de forma illada, senón que forma parte dun equipo directivo, que segundo establece o artigo 131 da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións, conforme coas instrucións do director ou directora e as funcións específicas legalmente establecidas.</p> <p>Para acadar un liderado educativo eficaz é preciso centrar os esforzos en mellorar a calidade do ensino e a aprendizaxe, profesionalizar, fortalecer e apoiar o papel dos/das líderes educativos/as, definir claramente os roles, adoptar un enfoque colaborativo, recoñecer as fortalezas e competencias dos equipos, dispoñer de autonomía suficiente para asignar recursos e explorar métodos de ensino innovadores así como asumir as responsabilidades e compromisos que comporta o liderado.</p>				
Contingency plan	<ol style="list-style-type: none"> 1. Modifications to the contents 2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy 				

Study programme competences



Code	Study programme competences
A18	E18: Organizar os recursos humanos, espaciais e temporais dos centros docentes.
A19	E19: Identificar os servizos complementarios e de apoio aos centros docentes.
A20	E20: Desenvolver a xestión económica e administrativa dun centro docente.
A21	E21: Valorar as habilidades sociais e emocionais na xestión dos centros docentes.
B2	CB7: Que o estudiantado saiba aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B4	CB9: Que o estudiantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B6	G1: Analizar, organizar, xestionar e interpretar a información e a toma de decisións.
B8	G3: Liderar e fomentar o traballo en equipo.
B10	G5: Organizar, xestionar e coordinar un centro docente.
B11	G6: Controlar e supervisar centros educativos.
B12	G7: Motivar a equipos de profesionais da educación.
B13	G8: Comunicar obxectivos e estratexias educativas.
B14	G9: Dirixir estratexicamente: planificar, implementar e avaliar plans e proxectos dos centros educativos.
C1	T1: Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas línguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	T6: Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
C7	T7: Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C8	T8: Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Ao terminar con éxito esta materia, o estudiantado será capaz de: · Propoñer a estrutura dos recursos humanos dun centro docente.	AC18	BC2 BC6 BC8 BC10 BC13	CC1 CC7
· Contrastar diferentes opcións de organización temporal e dos espazos dos centros docentes.	AC18	BC2 BC6 BC10 BC13	CC7
· Argumentar a importancia dos servizos complementarios e de apoio aos centros docentes.	AC19	BC2 BC6	CC7
· Identificar os principais principios e métodos de administración dos centros docentes.	AC20	BC2 BC6 BC8 BC10 BC11 BC13 BC14	CC7 CC8
· Valorar a autonomía da xestión económica dos centros docentes.	AC20	BC2 BC6 BC8 BC11 BC13	CC7 CC8



· Desenvolver habilidades relacionadas coa intelixencia emocional, así como as ferramentas para potenciais.	AC21	BC2 BC6 BC8 BC10	CC6 CC7
· Desenvolver habilidades relacionadas coa motivación.	AC21	BC2 BC6 BC8 BC10 BC12	CC6 CC7
· Desenvolver habilidades relacionadas coas habilidades sociais como as ferramentas de comunicación eficaz, o traballo en equipo ou a toma de decisións.	AC21	BC2 BC4 BC6 BC8 BC10	CC6 CC7

Contents	
Topic	Sub-topic
· Xestión administrativa e económica	- De recursos humanos. - De tempo. - De espazos. - De servizos complementarios.
· Desenvolvemento de habilidades sociais na xestión do centro docente	- Motivación. - Espírito emprendedor. - Coaching e orientación. - Estratexias para a mellora das competencias interpersoais. - Habilidades emocionais.
· O proceso de toma de decisións	- Comunicación interpersoal. - Funcionamento de grupos. - Toma de decisións. - Técnicas de negociación.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A18 A19 A20 A21 B10 B11 B12 B14	8	1	9
Oral presentation	B4 B13 C1 C6	1	2	3
Supervised projects	B2 B4 B6 B8 B13 B14 C1 C7 C8	5	35	40
Mixed objective/subjective test	A18 A19 A20 A21 B2 B4 B10 B11 B13 C1	1	15	16
Directed discussion	B2 B4 B13 C1 C6	5	1	6
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Guest lecture / keynote speech	<p>Na actividade de sesión maxistral traballaranse contidos que conforman o marco teórico mediante exposición oral, guiada coa presentación de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral de cada un dos temas de que consta o programa, indicando aqueles aspectos que poden ser ampliados polo estudante para o seu traballo persoal.</p>
Oral presentation	Finalmente realizarase unha exposición oral, na que cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.
Supervised projects	<p>Ao redor dos diferentes temas propoñerase a realización de pequenos traballos de grupo. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completados mediante o traballo autónomo e traballo colaborativo, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través de atención personalizada individual e/ou en pequeno grupo.</p> <p>Para a realización destes traballos tomaranse como referencia os materiais básicos da materia así como aqueles que se consideren complementarios (outras fontes documentais). Basearanse nos distintos recursos que existan nas bibliotecas, centros de recursos, e/ na rede (Internet). Os contidos desenvolvidos serán avaliados tamén na proba mixta.</p>
Mixed objective/subjective test	A proba consistirá nunha actividade final da materia con carácter evaluativo a través da cal o alumnado deberá dar resposta a varias preguntas facendo un tratamento global e integrando os coñecementos adquiridos de acordo aos contidos abordados ao redor de diferentes dinámicas de traballo ao longo da materia.
Directed discussion	Mediante esta dinámica abordaranse os diversos temas orientados a que o alumnado reflexione sobre a importancia da xestión da calidade na mellora dos centros educativos, atendendo aos principios da calidade co fin de favorecer a mellora continua e a toma de decisións.

Personalized attention

Methodologies	Description
Supervised projects	O profesorado realizará un seguimento do traballo que vaia realizando o alumnado asistente a través das prácticas que vaia realizando.
Mixed objective/subjective test	É importante que o alumnado realice as súas prácticas desde o primeiro día e acuda ás titorías de maneira asidua co fin de resolver as dúbidas que estime oportunas.
Guest lecture / keynote speech	<p>As titorías desenvolveranse, por tanto, na aula, durante as clases e no despacho do profesorado, da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none"> * No caso de indicacións xerais a todo o grupo (realizaranse nas clases expositivas). * A grupos de traballo pequeno (realizaranse nas clases interactivas -prácticas- ou a través de Teams). * Individuais (realizaranse no despacho do profesorado ou a través de Teams e versarán sobre o progreso do alumnado).

Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
---------------	--------------	-------------	---------------



Supervised projects	B2 B4 B6 B8 B13 B14 C1 C7 C8	<p>A metodoloxía de traballos tutelados porase en práctica nas clases interactivas. Para a súa realización é preciso formar pequenos grupos de traballo e débese ter en conta o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">- Formaranse grupos pequenos (non máis de 4 persoas).- Cada grupo elixirá unha persona coordinadora, encargada de presentar e defender as ideas do seu grupo de traballo, no caso en que se lle solicite, que será rotativa en cada práctica.- Estos grupos formaranse o primeiro día de clase polo profesorado. <p>O profesorado realizará un seguimento das prácticas que se vaian elaborando por cada grupo. As prácticas se entregarán a través de moodle. O profesorado irá realizando o seguimento partindo do que se expoña na aula. Se fará un proceso de autoevaluación e heteroevaluación.</p> <p>O profesorado indicará propostas de mellora de cada práctica a cada grupo co fin de que na proba mixta da materia o alumnado saiba realizar as prácticas sen problema. Son, por tanto, materia de exame.</p>	60
Mixed objective/subjective test	A18 A19 A20 A21 B2 B4 B10 B11 B13 C1	<p>O exame final fixado pola Comisión académica do título e aprobada por Xunta de Facultade realizarase mediante unha proba obxectiva na que entrará toda a materia (clases expositivas + traballos tutelados).</p> <p>O sistema de corrección da devandita proba será o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">- Para preguntas de verdadeiro/falso: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta.- Para preguntas de varias alternativas aplicarase a fórmula de corrección ao azar: $\text{acertos} - \text{erros}/n^\circ \text{ alternativas}$	40

Assessment comments



Criterios para superar a materia:

1. Os traballos tutelados subiranse á plataforma moodle (Será valorada a parte individual e a grupal).
2. Asistir e participar regularmente nas actividades da aula (80%).
3. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados e proba obxectiva).
4. Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique.

NOTA: A UDC regula a matrícula de estudantes a tempo parcial, criterios que tamén serán tidos en conta polo profesorado, polo que será necesario que o alumnado con este tipo de réxime de dedicación, o informe ao profesorado e concerten a maneira na que se desenvolverá o seu proceso de ensino-aprendizaxe.

SITUACIÓNS:

A) Alumnado con dedicación completa: Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%. Elaboración e presentación dos traballos tutelados en pequeno grupo (60%).

B) Tanto os/as estudantes a tempo completo como aqueles/as con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de asistencia segundo establece a "NORMA QUE REGULA Ou RÉXIME DE DEDICACIÓN AOESTUDO DÚAS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3. b e 4.5) (29/5/212) deberán entregar os traballos tutelados, aínda que estes últimos poderán presentalos de maneira individual. En todo caso, é preciso que nestes casos articulen os mecanismos necesarios para que as actividades grupais dos traballos tutelados poidan ser desenvolvidas de maneira grupal; no caso de non realizar estas actividades grupais dentro dos traballos tutelados, a cualificación máxima para este tipo de estudantes das prácticas será do 40%.

A proba obxectiva será a mesma para todas e todos as/os estudantes.

A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.

Aspectos a ter en conta:

- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Será primordial e obrigatoria a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación) gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.
- No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none"> - Bastons i Prat, M. (2000). La toma de decisiones en la organización. Barcelona: Ariel - Caramés Balo, Rosa Elena (2001). Formación para la dirección de centros educativos: comunicación y eficacia negociadora. A Coruña: Servicio de Publicaciones de la Universidade da Coruña - Delgado Piña, M.ª Isabel (2006). Gestión de recursos humanos: del análisis teórico a la solución práctica. Madrid: Pearson - Mondy, R. Wayne (2005). Administración de recursos humanos. México: Prentice Hall - Moreno Ramos, Jesús (2005). Hacer, sentir, pensar reflexiones y actividades para mejorar la comunicación en los centros educativos. Ciudad Real: Ñaque - Osca Segovia, Amparo (2010). Gestión estratégica de recursos humanos y políticas de formación. Madrid: Sanz y Torres - Petrick, Joseph A. (2003). Calidad total en la dirección de recursos humanos. Barcelona: Gestión 2000 - Roca Villanueva, Elia (2005). Cómo mejorar tus habilidades sociales: programa de asertividad, autoestima e inteligencia emocional. Valencia: ACDE Ediciones
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before



Leadership and Direction of Schools/652536003

Quality Management in Schools, Autonomy, Transparency and Accountability: Improvement Plans/652536009

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Treatment of Qualitative and Quantitative Information in Research within the Management, Evaluation /652536007

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.